

Resolución do 6 de maio de 2026, do Tribunal cualificador, pola que se aproban e fan públicos os resultados provisionais das probas correspondentes ao proceso para ampliación de listaxes de contratación temporal na categoría de Redactor/a, convocado o 31 de marzo de 2026

De conformidade co establecido na Base 8 da convocatoria do 31 de marzo de 2026, da proba para ampliación de listaxes de contratación temporal na categoría de Redactor/a na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A.

RESOLVO

- I. Facer público o cadro de respostas relativo á proba de lingua galega. O cadro de respostas atópase no Anexo I. Anéxanse os bloques de preguntas da proba teórica e os dous supostos da proba práctica.
- II. Facer pública na páxina web da CSAG a puntuación provisional das probas con indicación da puntuación asignada en cada proba. As listaxes de puntuacións provisionais figuran como Anexo II desta resolución.
- III. A data de realización da proba de locución será o día 13 de maio de 2026 na sede da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia en San Marcos (Santiago de Compostela) ás 10:00 horas.
As persoas aspirantes deberán estar a esa hora na entrada das instalacións da CSAG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

Segundo o establecido na convocatoria ábrese o prazo de alegacións fronte a estes resultados provisionais das probas, de cinco (5) días naturais, que comezará a contar a partir do día seguinte ao de publicación desta resolución e que se deben enviar ao enderezo electrónico proceso.selección@crtvg.gal.



O presidente do tribunal

Alejandro López Carballeira

ANEXO I: CADRO DE RESPPOSTAS DA PROBA DE LINGUA GALEGA

1.- Proba de lingua galega:

Cadro de respostas correctas:

1. C	2. A	3. A	4. C	5. A
6. B	7. B	8. B	9. A	10. B
R1. B	R2. A			

ANEXO II: RESULTADO PROVISIONAL DAS PROBAS

Apelidos e nome	Proba teórica 25 puntos	Proba práctica			Total	Proba galego
		Boletín informativo 25 puntos	Estratexia difusión dixital 25 puntos	Locución 25 puntos		
Alonso Lourido, Nuño	9,2	23	18,75		50,95	
Álvarez Gonzalez, Alejandro	10,1	21	19,375		50,475	
Arias Armesto, Natalia	12,2	15	16,25		43,45	
Barreiro Areses, Patricia	9,3	19	18,125		46,425	
Bazarra Maneiro, Antonio	16,8	23	16,25		56,05	
Bermúdez Lista, Sheyla	10,8	23	16,25		50,05	
Blanco Frade, María	4,95	15	0		19,95	
Cancelo Toja, Tania	10,2	11	17,5		38,7	
Castro Gaspar, Iago	6,6	11	7,5		25,1	
Castro Moreira, Nuria	9,3	19	20		48,3	
Chacón Ramos, Cristina	1,2	9	9,375		19,575	
Collazo Iglesias, Xavier	8,65	15	13,75		37,4	
Costa Manteiga, Pedro	15,3	17	17,5		49,8	
Del Rio Sieira, Juan Modesto	15,65	17	15		47,65	
Enríquez Álvarez, Raquel	2,8	9	22,5		34,3	APTA
Felpeto Babío, Vanesa	10,95	15	14,375		40,325	
Fernández García, Iván	20	21	18,75		59,75	
Fernandéz González, Antía	5,4	11	15		31,4	
Fernández Salgado, Noelia	10,9	13	13,75		37,65	
Fernández Vázquez, David	12,7	13	15,625		41,325	
Fortes Iglesias, Daniel	13,55	17	16,875		47,425	
Gesto Louro, Alejandro	21,9	23	17,5		62,4	

González Gómez, Carlos Julio	19,15	23	17,5		59,65	
González López, Roberto	14,9	23	16,25		54,15	
González Rodríguez, Nuria	2,45	21	12,5		35,95	
Gutiérrez Silva, Aroa	5,6	15	0		20,6	
López Álvarez, Alba	1,45	9	15,625		26,075	
López Buján, Alba	6,5	15	15,625		37,125	
López Otero, Yaiza	5,15	11	21,25		37,4	
López Piñon, Uxía	6,7	11	20		37,7	
López Vázquez, Óscar	16,2	11	17,5		44,7	
Martínez Galdo, Jorge	11,8	15	13,75		40,55	
Martínez Graña, Paula	15,25	21	21,25		57,5	
Martínez Negreira, Érica	16,8	17	21,25		55,05	
Michelena Montes, Cristina	11,7	13	20		44,7	
Mosquera Montoya, Antonio	9,85	18	21,25		49,1	
Nieto Merino, Inés	13,9	15	20		48,9	APTA
Otero Rivas, Manuela del Mar	13,25	17	17,5		47,75	
Pardo Esmorís, Sara	1,4	9	21,25		31,65	
Penedo López, Águeda	10,35	17	20		47,35	
Piñeiro Cordeiro, Sara	3,45	13	15		31,45	
Portas Veá, Roi	5,15	13	17,5		35,65	
Queijeiro Fernández, Laura	9,25	19	17,5		45,75	
Rodríguez Poy, Xoel	6,6	17	25		48,6	
Rodríguez Rey, Noelia	12,4	15	20		47,4	
Romero Rodríguez, Cristian	8,1	21	21,25		50,35	
Rosa Cid, Raquel	11,45	17	18,75		47,2	
Saavedra Seoane, Ricardo	6,15	21	18,125		45,275	

Salazar Vázquez, Valeria Alexandra	6,25	15	17,5		38,75	
Santos Díaz, Javier	8,6	21	15		44,6	
Seijo Vigo, Laura	14,15	23	16,875		54,025	
Thiago Calzado, Marta	7,05	15	17,5		39,55	

Bloque de preguntas de resposta breve

Este bloque está composto por vinte (20) preguntas de resposta breve. Cada pregunta valorarase ata un máximo de 0,5 puntos, cun máximo de dez (10) puntos en total.

1. Que resultados obtiveron o Celta, o Deportivo e o Breogán esta fin de semana e que impacto teñen nas súas respectivas clasificacións?
2. Que cantidade recibirá Alcoa para a descarbonización e a que proxecto corresponde?
3. Que organismo preside Ignacio Barrón e que afirmou sobre o accidente de Adamuz?
4. Por que motivo foi sancionado recentemente un xuíz polo Consello Xeral do Poder Xudicial por unha actuación relacionada coa redacción dunha sentenza e a revelación de datos?
5. Que presidente autonómico viaxou á China este mes de abril e con que obxectivos principais?
6. Que cidades aspiran a acoller a final do Mundial 2030 e cal parte como favorita?
7. O Concello de Vigo debe dar un paso clave para que Balaídos sexa sede do Mundial 2030: en que consiste esa actuación e que obxectivo ten?
8. Que medidas anunciou a Xunta de Galicia para reforzar a vacinación fronte ao meningococo B e ao herpes zóster, e que contexto sanitario xustifica estas decisións?
9. Cando comeza e canto dura a veda do polbo en Galicia, que restricións implica e cales son as principais condicións que rexerán a campaña unha vez remate este período?
10. Quen ocupa as tres vicepresidencias do Goberno de España e que ministerios dirixen?
11. Indique os nomes das persoas titulares das seguintes consellerías: Economía e Industria; Sanidade; e Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
12. Que persoa obtivo a alcaldía en cada unha das sete cidades galegas nas últimas eleccións municipais, a que partido pertence e como logrou a maioría necesaria para alcanzar o cargo?

13. Que contido ten o decreto lei sobre a prórroga dos alugueiros que se debate hoxe no Congreso, que posicións manteñen os principais grupos parlamentarios e que escenarios se abren trala votación?
14. Que institucións forman o sistema institucional da Unión Europea segundo o Tratado de Lisboa e cal é a función principal de cada unha delas?
15. Que nomes teñen os eurodeputados galegos actuais e con que candidatura se presentaron cada un deles nos últimos comicios?
16. Que eleccións autonómicas se celebraron en España no que vai de 2026, cal foi o seu resultado e en que derivou ese resultado na conformación dos gobernos correspondentes? Indique tamén cales son as próximas eleccións autonómicas previstas.
17. Que ocorreu no intento de atentado contra Donald Trump durante a cea de correspondentes da Casa Branca, quen é o presunto autor e en que situación xudicial se atopa actualmente?
18. Como se diferencia unha narrativa multimedia dunha narrativa transmedia?
19. Que é o machine learning e como se aplica no xornalismo?
20. Que aplicacións da intelixencia artificial se empregan habitualmente para a xeración automatizada de noticias?

RESERVA

1. En que consiste a visita de Estado de Carlos III e Camila aos Estados Unidos, que actos institucionais teñen previstos e en que contexto político internacional se produce esta viaxe?
2. Que papel atribúe a UCO a José Luis Ábalos, Koldo García e Víctor de Aldama na trama das máscaras, e que tipo de relación e reparto de funcións se describe entre eles segundo a investigación?

Bloque de preguntas de desenvolvemento

Este bloque está composto por cinco (5) preguntas de desenvolvemento, que requirirán unha resposta argumentada e estruturada. Cada unha destas preguntas cualificarase cun máximo de tres (3) puntos, ata un máximo de quince (15) puntos.

1. Analice as últimas novidades da guerra entre Irán, Estados Unidos e Israel nas últimas 24 horas, identificando actores, evolución do conflito e implicacións internacionais.
2. Que datos principais reflicte a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do primeiro trimestre de 2026 en termos de ocupación, paro e poboación activa, e que factores explican a evolución do mercado laboral neste período?
3. Analice o funcionamento do sistema aeroportuario galego no primeiro trimestre de 2026, o impacto do peche de Lavacolla e os principais retos de futuro do modelo.
4. Indique cando están previstos os próximos procesos electorais: eleccións xerais, eleccións municipais e eleccións autonómicas galegas.
5. Describa os actos principais que realizará o papa León XIV na súa visita a España, as cidades nas que terán lugar, o calendario do percorrido e a relevancia institucional da viaxe.

RESERVA

6. Que características tivo o gran apagón ibérico en termos de impacto, que causas técnicas e regulatorias se sinalan como posibles orixes do incidente e que consecuencias económicas e xudiciais está a ter un ano despois.
7. Explique a situación actual de Nicolás Maduro e describa o contexto político, económico e social de Venezuela no momento actual.

Suposto práctico de decisión e estratexia de difusión dixital

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia afronta a cobertura dunha xornada electoral correspondente a unhas eleccións autonómicas, nun contexto de alta demanda informativa e consumo dixital en tempo real. A cobertura desenvolverase no contorno dixital de G24, tanto na súa web como nas súas canles en redes sociais.

A partir desta situación, as persoas aspirantes deberán elaborar unha proposta de tratamento informativo e unha estratexia básica de difusión dixital para esa xornada. A resposta deberá concretarse na definición de ata cinco (5) accións informativas clave, que abranguen o conxunto da xornada.

Valorarase a capacidade de selección e priorización, o criterio editorial, a coherencia da proposta no conxunto da xornada e a súa adecuación aos principios de rigor e servizo público. A resposta deberá presentarse de forma clara, estruturada e concisa.

Suposto práctico de redacción dun boletín informativo radiofónico

A partir dun conxunto de teletipos facilitados polo tribunal, debe elaborarse un boletín informativo completo, pensado para a súa posta en emisión na Radio Galega o martes, 28 de abril, ás 10:00 horas, cunha duración aproximada de catro (4) minutos.

Non será necesario incluír todos os temas nin empregar a totalidade dos teletipos facilitados, valorándose especialmente a capacidade de selección e xerarquización da información en función da súa relevancia informativa e do contexto horario.

O boletín deberá reflectir criterios profesionais de redacción e edición, adaptándose ao formato e estilo propios dun informativo en radio. Valorarase a coherencia do conxunto, a capacidade de síntese, a claridade expositiva e a adecuación á actualidade e ao servizo público.

